XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO de COVA TERREÑA
Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Baiona
Teléfono: 886 12 00 01 Fax: 886 12 00 09
http: //www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/
50 ANOS AXUDANDO A CONSTRUÍR PERSOAS

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
Equipos de Dinamización da Lingua Galega
Bibliotecas escolares de Galicia

# PROXECTO CURRICULAR DE ÁREA
# DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS
# 2º e 4º ESO
# CURSO 2022/2023
# CPI de COVA TERREÑA (BAIONA)

Índice

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ........ 3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ........ 4
3. OBXECTIVOS PARA OS CURSOS 2º e 4º DE ESO ........ 34
4. TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ........ 42
5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA ........ 44
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS........ 45
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO........ 47
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE ........ 54
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES ........ 55
10. PROGRAMA DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR ........ 60
11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS ........ 61
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE........ 61
13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS ........ 62
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ........ 63
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS ........ 63
16. PLAN XERAL ANUAL 2022-2023 ........ 64
17. APROBACIÓN POLO DEPARTAMENTO ........ 67

No presente curso 2022/2023, ademais da materia de Lingua e Literatura Galegas, o Departamento de Lingua e Literatura Galegas imparte a materia de Xeografía e Historia en 1º da ESO. Os profesores que forman parte do Departamento son:

• Emilio Cambeiro, que imparte aulas de Lingua e Literatura Galegas en 2º e 3º de ESO, e Xeografía e Historia en 1º ESO A, titor en 3º ESO A e participa no proxecto competencial de centro para 3º ESO A e 3º ESO C.

• Anxo Xoán Rajó Pazó, que imparte Lingua e Literatura Galegas en 1º e 4º de ESO, e Xeografía e Historia en 1º ESO B, titor de 4º ESO B. Tamén exerce as funcións de Xefatura de Departamento e coordina os cursos de formación do profesorado (PFPP) no CPI.

Por outra banda, o profesorado do Departamento dedica unha hora semanal á súa coordinación, neste curso 2022-2023 os venres de 08.30 a 09.20 horas.

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### O CPI Cova Terreña

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos de cultura nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver hábitos de estudo e de traballo; preparar o alumnado para a súa incorporación a estudos posteriores, así como para a inserción laboral, a inclusión social ou a cidadanía activa. Para conseguir isto a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en distintos aspectos coa finalidade de seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posiblilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estabelece o currículo para as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se xuntan para alcanzar unha acción eficaz. Trátase de conseguir que o alumnado consiga “un saber facer” aplicábeis a contextos académicos, sociais e profesionais.

Para cada unha das materias que constitúen o currículo, fíxanse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidos no Decreto 87/2015.

O CPI de Cova Terreña é un centro público situado nun contexto urbano. O alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria procede dos arredores do propio centro educativo e da parroquia de Belesar e presentan un perfil lingüístico e sociocultural uniforme. Así mesmo, empregan o galego nun índice moi baixo nas súas relacións sociais, feito continuador da liña á que tenden as vilas galegas que rexistran unha maior densidade de poboación. Tan só se aprecia un número moi reducido de galegofalantes nos que proceden de Belesar. Tanto no ambiente familiar coma no escolar, a lingua usada maioritariamente é a castelá e moi poucos utilizan o galego como lingua vehicular. Este está pouco presente nos fogares e aínda aparece menos nas relacións persoais que os escolares manteñen no centro de ensino.

Canto á disposición do alumnado por entender o galego como unha lingua normalizada libre de prexuízos, o resultado é negativo. Os estudantes ven o galego como unha lingua axeitada para o ensino, pero móstranse reticentes a empregala dun xeito espontáneo ou mediante unha escolla reflexiva aínda que moitos opinan que a adquisición de dous ou máis idiomas enriquece. Aceptan o galego como válido para usos formais e institucionalizados, mais non o consideran axeitado para outros contextos relacionados co lecer e a interacción comunitaria. Infelizmente, a diglosia continúa presente xunto con moitas actitudes negativas e prexuízos cara á nosa lingua nas novas xeracións, feitos que repercuten na competencia oral e na planificación e desenvolvemento da nosa programación. Para levar a cabo esta programación, por tanto, as aulas de Lingua e Literatura Galegas deben converterse nun espazo idóneo para contribuír á normalización entre o noso alumnado, sendo fundamental a análise dos múltiples prexuízos que existen sobre o uso do galego para determinadas funcións e situacións, así como incidir na expresión oral na nosa lingua.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Mediante estas programacións pretendemos conseguir que o alumnado adquira as capacidades estabelecidas na Lei partindo do nivel co que o noso alumnado chega a nós e apoiándonos nos principios metodolóxicos que promovan tanto a súa participación activa como a adquisición significativa dos coñecementos necesarios para a súa promoción a niveis superiores. Por outra banda, traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo.

A área de Lingua e Literatura Galegas é unha materia das denominadas instrumentais, de xeito que no traballo da aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolábeis a outras áreas e contextos de aprendizaxes. Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo cooperativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorábel para adestrar a competencia comunicativa. Na área de Lingua e Literatura Galegas incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área. As competencias clave do currículo son as seguintes:

a) Competencia Lingüística (CCL)

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

c) Competencia dixital (CD)

d) Competencia de aprender a aprender (CAA)

e) Competencias sociais e cívicas (CSC)

f) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

e) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. | ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo. | ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo. | ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. | ▪ B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | ▪ LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIE |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas | ▪ B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. | ▪ LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | ▪ LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas as expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. | ▪ B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. | ▪ LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presenta- | ▪ CD |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | cións máis claras e atractivas visualmente. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | ▪ B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | ▪ LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. | ▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | ▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | ▪ CLL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | ▪ CLL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.9.5. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a | ▪ B1.10. Construción de discursos adecuados a distin- | ▪ B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun re- | ▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que in- | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | tos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo. | xistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa. | tercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc. | ▪ B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión. | ▪ LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | ▪ B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | ▪ LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | ▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | ▪ B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | ▪ LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. | ▪ B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua. | ▪ LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | ▪ CCL<br>▪ CCA |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | | ▪ LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | ▪ B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas. | ▪ LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz. | ▪ B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función. | ▪ LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto. | ▪ B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto. | ▪ LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | ▪ B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | ▪ LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | ▪ B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | ▪ LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | ▪ B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | ▪ LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | ▪ B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións. | ▪ LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | ▪ CCL<br>▪ CD |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | | ▪ LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h | ▪ B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito. | ▪ B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos. | ▪ LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. | ▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ h | ▪ B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | ▪ B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | ▪ LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. Funcionamento da lingua | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | ▪ B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. | ▪ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | ▪ CCL<br>▪ CCC. |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. | ▪ B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. | ▪ LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ n<br>▪ l | ▪ B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa. | ▪ B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma. | ▪ LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. | ▪ B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos. | ▪ LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | ▪ CCL<br>▪ CD |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | ▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. | ▪ B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual. | ▪ LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. | ▪ B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais. | ▪ LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | ▪ B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | ▪ LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | ▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | ▪ B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | ▪ LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | ▪ CCL |
| ▪ e | ▪ B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. | ▪ B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe. | ▪ LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no | ▪ B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos | ▪ LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais**,** evita | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | ▪ LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 4. Lingua e sociedade | | | |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>▪ B4.3. A lusofonía. | ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. | ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros | ▪ CCL<br>▪ CCEC |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | similares da lusofonía. | ▪ CD |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.4. Situación sociolingüística do galego. | ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | ▪ LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | ▪ CCL |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | ▪ B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | ▪ LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ ñ.<br>▪ o. | ▪ B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. | ▪ B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español. | ▪ LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.7. Prexuízos lingüísticos. | ▪ B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | ▪ LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | ▪ B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia. | ▪ LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ▪ CSC |
| | Bloque 5. Educación literaria | | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | ▪ B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | ▪ LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos. | ▪ B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos. | ▪ LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ CCL |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ CCL<br>▪ CD |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar. | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo. | ▪ B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. | ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual. | ▪ B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión. | ▪ LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). | ▪ CCL<br>▪ CSEIEE |
| | | | ▪ LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. | ▪ CLL<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | ▪ B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | ▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou pos- | ▪ CCL |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | tura. | ▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. | ▪ B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais. | ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. | ▪ B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | ▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | ▪ CCL |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |
Por outra parte, cómpre indicar que, seguindo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se estabelece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se recolle a necesidade dun tratamento integrado das linguas oficiais, castelán e galego, os Departamentos destas linguas renovamos, un ano máis, unha serie de acordos -iniciados en 2016- para tratar de maneira parella contidos similares, buscando un currículo integrado. Desde ambos os Departamentos foméntase así, un enfoque metodolóxico interdisciplinar para favorecer no noso alumnado a competencia comunicativa global en ambas as linguas. Detallamos pois os acordos tomados:

2º ESO - Ambos os Departamentos acordamos usar a mesma terminoloxía e repartimos os bloques de contido comúns do seguinte xeito: - Dpto LGL: Textos narrativos e descritivos. Textos procedentes dos medios de comunicación. Diversidade lingüística en Galicia. - Dpto LCL: Textos instrutivos, expositivos e argumentativos.

4º ESO Ambos os Departamentos acordamos usar a mesma terminoloxía e repartimos os bloques de contido comúns do seguinte xeito: - Dpto LGL: Tipoloxía textual: narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo. - Dpto LCL: Complementos sintácticos. A frase e a cláusula. Cláusulas simples, compostas e complexas.

## 4. TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 2º ESO

1º TRIMESTRE

B1: Todos os estándares relacionados coa comunicación oral traballaranse todo o curso.
B2: A noticia e a entrevista.

B3: Os fonemas. Fonética e fonoloxía. O substantivo e o adxectivo. Morfoloxía nominal. A sílaba. O léxico da gastronomía e da hostelería.
B4: As variedades da lingua. A variedade estándar. Os castelanismos e os estranxeirismos.
B5: Os xéneros literarios. O xénero narrativo

2º TRIMESTRE

B1: Ídem.
B2: A reportaxe.
B3: O verbo: os verbos regulares, semirregulares e irregulares. O pronome persoal. A colocación do pronome átono. O léxico da navegación e dos medios de transporte.
B4: A diversidade lingüística. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. As linguas da PI. A lusofonía. Os préstamos.
B5: O xénero dramático.

3º TRIMESTRE

B1: Ídem
B2: A canción. A carta.
B3: O suxeito e o predicado. Os complementos. A modalidade oracional.
B4: Historia social da lingua: normalización e normativización. O galego na actualidade. A valoración social da lingua.
B5: O xénero poético. A metáfora.

4º ESO

1º TRIMESTRE

B1: Todos os estándares relacionados coa comunicación oral traballáranse todo o curso.
B2: Elementos do texto narrativo.
B3: Fonética (vocalismo e consonantismo). Xénero e número. Vocabulario de formas de ser, tempo cronolóxico e o urbanismo.
B4: O galego no primeiro terzo do século XX. Variedades diatópicas, diafásicas e diastráticas.
B5: Irmandades da Fala, Grupo Nós e as Vangardas.

2º TRIMESTRE

B1: Todos os estándares relacionados coa comunicación oral traballáranse todo o curso.
B2: O texto prescritivo. O texto argumentativo.
B3: O pronome persoal. O verbo. Vocabulario do tempo metereolóxico, as viaxes, o tempo de lecer e as leis.
B4: A lingua galega na posguerra. A lingua galega despois de 1975. A lusofonía. Os prexuízos lingüísticos.
B5: Narrativa e poesía de posguerra. A literatura do exilio.

3º TRIMESTRE

B1: Todos os estándares relacionados coa comunicación oral traballáranse todo o curso.
B2: O guión cinematográfico. As redes sociais.
B3: O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Adverbios e preposicións. Relacións e cambios semánticos. Vocabulario das artes e das novas tecnoloxías.
B4: A lingua galega hoxe en día: medios de comunicacións, redes sociais, etc.
B5: Narrativa, poesía e teatro actuais.

## 5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grao de protagonismo. A área de Lingua e Literatura Galegas é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas. Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolábeis a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorábel para adestrar a competencia comunicativa. Na área de Lingua e Literatura Galegas é indispensábel a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos. Por todo o cal as liñas metodolóxicas xerais deberán:

• Fomentar a participación e a reflexión, tanto individual como en grupo.
• Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
• Fomentar a formulación de hipóteses.
• Buscar, seleccionar e tratar a información.
• Insistir na ordenación das ideas, comparación e a xerarquización.
• Elaborar percorridos ordenados, lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
• Comprobar noutros contextos diferentes aos utilizados para o traballo.
• Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Estes propósitos intégranse na proposta de contidos para cada curso e que toma corpo nas unidades didácticas do libro do alumnado.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O curso desenvolverase preferentemente co aproveitamento de material didáctico disposto en formato electrónico e con orixe en diversas fontes (materiais da rede, libros de texto, manuais, gramáticas, libros de exercicios, etc), incluída a produción propia de materiais creados polo profesor deste curso. Todo isto atoparase a disposición do alumnado na Aula Virtual do CPI Cova Terreña. Para o acceso a esta Aula Virtual, os alumnos e alumnas disporán dun código de acceso; este servirá tamén para estabelecer o contacto co mestre fóra do horario lectivo.

• Libro do alumnado para a área de Lingua Galega e Literatura 2º ESO (editorial Anaya).
• A Proposta didáctica para Lingua Galega e Literatura 2º ESO (editorial Anaya).

• Os recursos fotocopiábeis da Proposta didáctica (editorial Anaya), que recollen lecturas complementarias; actividades de repaso e afondamento, avaliación de contidos, avaliación de competencias.
• Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
• Dicionarios tradicionais e virtuais.
• Páxinas web interactivas: ogalego.eu, O portal das palabras, sondepoetas, Biblioteca Virtual Galega, Tintarrás, Na punta da lingua, Repositorio Abalar, Historias de Galicia...
• Libros de lectura obrigatoria e voluntaria.

En cada trimestre será obrigatoria a lectura dun libro relacionado sempre cun xénero diferente (narrativa, teatro, banda deseñada), sen prexuízo de que a alumna ou o alumno poidan tamén ler outros libros con carácter voluntario que serán tidos en conta na cualificación final de cada avaliación. Os libros de lectura en 2º de ESO serán os seguintes:

1ª avaliación: *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz (Edicións Xerais de Galicia).

2ª avaliación: *Comedia bífida*, de Manuel Núñez Singala (Editorial Galaxia).

3ª avaliación: *O corazón de Xúpiter*, de Ledicia Costas (Edicións Xerais de Galicia).

Polo que respecta a 4º de ESO, como lecturas obrigatorias sinálanse as seguintes:

1ª avaliación: *O porco de pé*, de Vicente Risco (Editorial Galaxia).

2ª avaliación: *Á lus do candil*, de Ánxel Fole (Editorial Galaxia).

3ª avaliación: *Made in Galiza*, de Séchu Sende (Editoria Galaxia).

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Ningún método ou técnica vai ser utilizado de forma exclusiva, senón que se combinarán varios instrumentos para ter unha avaliación do maior número posíbel de aspectos. Teremos en conta para a avaliación e cualificación do alumnado o seguinte:

A. Valoración cualitativa do proceso individual. Traballo diario e actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- A corrección dos exercicios e actividades.
- O aproveitamento diario da clase.
- A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (dicionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- O rexeitamento de prexuízos.
- Respectar a quenda de palabra.
- Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Cando se incumpra en calquera destes aspectos, descontarase 0,1. A porcentaxe que suma este apartado á nota da avaliación será dun 10%, é dicir, un punto.

B. Proba oral.

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

• Organización do discurso.
• Coherencia e cohesión.
• Corrección fonética e morfosintáctica.
• Léxico sen castelanismos.
• Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
• Orixinalidade e creatividade
• Uso das TICs

C. Valoración cuantitativa do progreso individual a través de probas escritas. Ao longo de cada trimestre realizaranse cando menos dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se estabelecen para cada criterio. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver diminuída polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

• Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
• Confusións entre b, v, h, s, x.
• Erros de acentuación.
• Escrita incorrecta de palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

• Emprego de grafías alleas ao galego como *y* ou *j*.
• Uso de tempos verbais compostos.
• Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
• Colocación do pronome átono ao comezo de oración.
• Formacións incorrectas de xénero e número en substantivos e adxectivos.
• Castelanismos flagrantes (estruturas castelás, léxico, xéneros etc.).

D. Lecturas obrigatorias.

Cada trimestre, como xa se manifestou nun apartado anterior, o docente determinará unha lectura obrigatoria, sempre adaptada ao nivel dos discentes, da que terán que demostrar a súa realización e comprensión a través dunha proba oral ou escrita. Desta proba valorarase:

• Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pregunta, sen lagoas nin respostas incompletas.
• Expresión: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
• Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes. De non ser así aplicaranse os mesmos criterios de sanción que para as probas escritas das unidades.

E. Lectura optativa.

Sumará, como máximo, 0,50 puntos á nota media desa avaliación. Estes libros voluntarios poderán ser escollidos a proposta do docente ou polo propio alumnado, sempre previa consulta e aprobación do docente. A comprobación da lectura dos mesmos farase a través dunha proba escrita, dunha proba oral ou dun traballo no que se terá en conta: contido, expresión e presentación.

O alumnado que trimestralmente non supere a materia, optará a unha proba de recuperación de cada avaliación a finais do mes de maio. A cualificación da avaliación será de insuficiente no caso de non acadar, como mínimo, unha nota de 3 nalgún dos instrumentos. Cando os distintos instrumentos superasen a restrición anterior, procederase ao cálculo da nota, tendo de ser esta de 5 puntos ou máis, sobre 10, para obter unha cualificación positiva.

F. PORCENTAXES DE AVALIACIÓN

En 2º de ESO teranse en conta as seguintes porcentaxes para avaliar ao alumnado:

1. A avaliación parte da media aritmética entre dous exames en cada trimestre, que suporán o **60% da cualificación global**. Nestas probas incluiranse cuestións, exercicios e a realización de actividades correspondentes cos estándares de aprendizaxe indicados na programación para cada trimestre.

2. A lectura do libro obrigatorio, cuxa proba escrita **representará o 10 % da cualificación final** da avaliación.

3. A lectura e/ou declamación de poemas ou textos en prosa, previamente fixados polo mestre, a exposición de traballos ou a lectura dos textos creados polos propios alumnos e alumnas que servirán para valorar a oralidade con outro **10 % da nota final** da avaliación.

4. Á parte de probas escritas e orais cómpre sumarlle a dinámica de aprendizaxe, que representará outro **20 % da cualificación global** tendo en conta o traballo diario na clase, a realización de pequenas actividades, os traballos realizados na casa e a actitude cara á materia e a práctica da oralidade na aula en lingua galega.

5. Non se realizarán exames de recuperación da materia ao longo do curso, agás no caso de que se produza unha circunstancia que aconselle a súa realización. Realizarase un exame final de recuperación ao alumnado que non supere a materia por avaliación continua.

6. Ao tratarse dunha avaliación progresiva e continua, a cualificación final do curso corresponderase coa media dos resultados obtidos en cada avaliación: 34 % na Primeira Avaliación, 33 % na Segunda Avaliación e 34 % na Terceira Avaliación. Para conseguir a promoción coa media das avaliacións deberase obter unha media de 5 entre todas elas, tendo en conta que para calcular esa media a cualificación de cada unha das avaliacións debe superar ou igualar o 4.

7. O profesor explicará polo miúdo os criterios de avaliación na aula a cada grupo nos primeiros días do curso.

8. As programacións para os cursos de ESO poderán ser modificadas en función das necesidades específicas que presente cada grupo en particular, podendo alterarse tanto os contidos como a secuenciación de acordo con criterios pedagóxicos.

En 4º de ESO teranse en conta as seguintes porcentaxes:

A avaliación parte da media aritmética entre os exames e probas de cada trimestre, que suporán o **70 % da cualificación global.** Nestas probas incluiranse cuestións, exercicios e a realización de actividades correspondentes cos estándares de aprendizaxe indicados na programación para cada trimestre. Dentro desta porcentaxe inclúese un exame gramatical por avaliación, que representará o 20 % da nota final da avaliación; unha proba de carácter competencial baseada no comentario dun texto e na relación de estilos, épocas e movementos literarios, que representará un 40 % da nota final da avaliación; e mais unha proba oral ou escrita do libro de lectura obrigatoria, diferente para cada unha das avaliacións, que sumará outro 10 %.

Á parte de probas escritas e/ou orais cómpre sumarlle a dinámica de aprendizaxe, que representará outro **30 % da cualificación global** e que se divide do seguinte xeito: o traballo diario na clase, a realización de pequenas actividades e os traballos ou comentarios de texto realizados na casa representan un 10 %. A actitude cara á materia e a práctica da oralidade na aula en lingua galega representarán outro 10 %. Por último, a participación activa no "Proxecto Interdisciplinar para a creación dun mapa guía do patrimonio Concello de Baiona" representará outro 10 % da nota. Este traballo de investigación consistirá na procura de información e a súa posterior análise de cara á incorporación a un mapa que resumirá algúns dos principais recursos culturais, económicos e naturais do Concello de Baiona.

Non se efectuarán exames de recuperación da materia ao longo do curso, agás no caso de que se produza unha circunstancia que aconselle a súa realización. A parte gramatical que se recolle nas probas correspondentes (exames de contidos gramaticais e léxicos) poderase recuperar ao longo do curso, xa que se adopta o criterio de avaliación continua, que implica unha progresiva revisión destes aspectos nestas probas. Porén, nas probas competenciais (literatura), ao estabelecerse contidos diferentes en cada avaliación, terán que ser recuperadas nunha única proba final que se levará a cabo no mes de xuño. O alumnado deberá recuperar a(s) parte(s) ou avaliación(s) de literatura que teña suspensa(s).

Ao tratarse parte da materia dunha avaliación continua, a cualificación final do curso corresponderase coa media dos resultados obtidos en cada avaliación, cunha distribución crecente do seu peso ao longo de todo o curso: **25%** na Primeira Avaliación, **35%** na Segunda Avaliación e **40%** na Terceira Avaliación. Para conseguir a promoción coa media das avaliacións deberase obter unha media de 5 entre todas elas, tendo en conta que para calcular esa media a cualificación de cada unha das avaliacións debe superar ou igualar o 4.

Todos estes criterios e porcentaxes serán explicados polo miúdo na aula a cada grupo nos primeiros días do curso. Con todo, as programacións para os cursos de ESO poderán ser modificadas en función das necesidades específicas que presente cada grupo en particular, podendo alterarse tanto os contidos como a secuenciación de acordo con criterios pedagóxicos.

| Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Criterios de cualificación |
|---|---|---|
| **Probas escritas e/ou orais** | Exames de contidos gramaticais e léxicos. | **20 %** |
| | Probas competenciais con comentario de texto. | **40 %** |
| | Proba escrita ou oral sobre o libro de lectura obrigatoria. | **10 %** |
| **Dinámica de aprendizaxe** | Actividades de clase, comentarios de texto e traballos de redacción, en base a rúbricas. | **10 %** |
| | Proba oral para a declamación dun texto e/ou oralidade na aula, en base a rúbricas. | **10 %** |
| | Proxecto interdisciplinar: mapa guía do patrimonio de Baiona | **10 %** |

Outras observacións que se han de ter en conta:

- Na valoración do caderno de clase terase en conta: posta ao día, é dicir, que figuren todos os exercicios feitos, corrección e presentación.
- Apartado B: as probas orais funcionarán como intrumento medidor da capacidade expresiva do alumnado.
- Apartado C: a valoración de cada proba farase de acordo cos criterios de corrección que se estabelecerán ao inicio de cada unha. O valor de cada pregunta indicarase antes do comezo do exame. O alumnado deberá ler unha obra literaria por trimestre. O control desta lectura farase por escrito.

- A cualificación das avaliacións trimestrais, de conformidade co estabelecido na normativa vixente, consignaranse na acta e no boletín correspondentes. Empregaranse as expresións insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notábel (NT) e sobresaínte (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN aos valores comprendidos entre o 1 e o 4, ao SU o valor de 5, ao BE o valor de 6, ao NT os valores de 7 ou 8 e ao SB os valores de 9 ou 10.

En coherencia co anterior, a cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0.75 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto. Probas de recuperación: o alumnado que na avaliación obteña unha cualificación inferior a 5 deberá realizar a correspondente proba de recuperación a finais de maio. Recuperaranse só os instrumentos suspensos, conservándose o resto das notas.

NOTA: O alumnado que non se presente a algunha proba escrita, deberá achegar unha xustificación oficial que avale a súa ausencia. De non ser así, perderá o dereito a ser examinado desa proba que se avaliará cun cero e fará media coas outras probas, aínda que terá dereito a presentarse nunha recuperación posterior.

AVALIACIÓN FINAL

A mediados de xuño o alumnado que non supere a materia por avaliacións terá que facer a seguinte proba:

- Con unha ou dúas avaliacións, terá que recuperar a parte que corresponda. A nota obtida fará media con aquelas avaliacións que teña aprobada ou cunha nota non inferior a 4, e o resultado será a nota que apareza na final ordinaria.
- Coas tres avaliacións presentarase a unha única proba que incluirá contidos das tres avaliacións; amais poderían incluírse preguntas relacionadas cos libros de lectura obrigatoria de cada unha das avaliacións.

As probas incluirán preguntas que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe do seu nivel. En calquera dos cursos da ESO a nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

O alumnado que teña a materia pendente de calquera curso anterior, e que non superase a materia por avaliacións, terá que facer un exame elaborado para tal fin e que contén preguntas por un valor de 10 puntos. Cada un levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| Actividades | Indicadores de logro |
|---|---|
| Planificación | • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.<br>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.<br>• Planifica as clases de maneira aberta e flexíbel.<br>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.<br>• Prepara o material: apoio, reforzo, para o alumnado con necesidades especiais.<br>• Selecciona as lecturas tendo en conta os niveis ao que van dirixidas.<br>• Estabelece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.<br>• Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.<br>• Dá a coñecer a planificación de cada unidade de contido. |
| Motivación do alumnado | • Estabelece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.<br>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.<br>• Fomenta un bo ambiente na aula.<br>• Promove a participación activa do alumnado.<br>• Relaciona os contidos, as tarefas e as actividades cos intereses do alumnado.<br>• Organiza actividades interactivas e en grupo para incentivar a socialización. |

| | |
|---|---|
| Traballo na aula | • Apóiase ao comezo de cada sesión dos contidos xa traballados en sesións anteriores.<br>• Utiliza exemplos, na introdución, de novos contidos.<br>• Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.<br>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.<br>• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. |
| Avaliación do proceso ensino-aprendizaxe | • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.<br>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.<br>• Estabelece medidas que permitan introducir melloras.<br>• Fai posíbel a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.<br>• Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.<br>• Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de actividades que se desenvolven durante as sesións .<br>• Favorece os procesos de autoavaliación.<br>• Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>• Estabelece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.<br>• Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos. |

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para levar a cabo a avaliación de materias pendentes, o departamento proporá plans de traballo quincenais aos alumnos coa materia pendente do curso/cursos anteriores co fin de facilitarlles a superación da materia. Os alumnos serán atendidos con cita previa de xeito individual para resolver as dúbidas que os exercicios proporcionados para a recuperación da materia poidan suscitar. Os plans de traballo propostos a seguir recollen os contidos e obxectivos mínimos esixíbeis en cada curso. Tamén se realizarán exercicios de lectura (libros completos, relatos ou fragmentos) para traballar a comprensión lectora e expresión escrita.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS

1º ESO

1º parcial
• Estrutura das palabras (lexemas, morfemas). Clases de palabras segundo a súa estrutura.
• A sílaba. O ditongo e hiato. O acento. O acento gráfico. O acento diacrítico.
• A familia léxica. O campo semántico. Palabras sinónimas. Palabras contrarias. Palabras homónimas.
• Clases de palabras: o substantivo (xº e nº), o adxectivo, os determinantes, o pronome e o verbo.
• Ortografía: uso de maiúsculas.

2º parcial
• Signos de puntuación: uso do punto, signos de interrogación e admiración.
• A literatura. Textos literarios e textos non literarios. Os xéneros literarios. Xénero narrativo. O xénero lírico. A literatura popular.
• Tipos de texto: instrutivo, descritivo, preditivo.

3º parcial

• Clases de palabras: os pronomes, o verbo e os adverbios.
• Ortografía: uso da coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, b e v, uso de s e x.
• Literatura: o xénero lírico.
• Tipos de texto: o texto argumentativo.

2º ESO

1º parcial

• A comunicación: a noticia e a noticia breve.
• Semántica: sinonimia, homonimia, polisemia, familia léxica e campo semántico.
• Formación de palabras: composición e derivación (sufixos)
• Morfoloxía: o substantivo (xº e nº), o adxectivo cualificativo e os determinantes.

2º parcial

• Sintaxe: a oración, a frase, o suxeito, o predicado nominal e o predicado verbal.
• Ortografía: regras de acentuación. Acentuación diacrítica. Signos de puntuación.
• Literatura: o texto literario, a literatura popular, o xénero narrativo e o conto.
• Formación de palabras (prefixos).

3º parcial

• Semántica: topónimos, xentilicios, antropónimos.
• Morfoloxía: os pronomes, o verbo, os adverbios e as locucións adverbiais.
• Sintaxe: o CD, CI, CC e as clases de oracións.
• Ortografía: uso do h, do b e v, do n e ñ, os grupos consonánticos.
• Literatura: elementos da narración (narrador, personaxes...)

3º ESO

1º parcial

• Regras de acentuación. O acento diacrítico.
• Signos de puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, raia.
• Palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Prefixos e sufixos.
• O substantivo: clasificación semántica, xénero e número.
• O adxectivo: tipoloxía e gradación.
• O galego, lingua románica. Cultismos e palabras patrimoniais.
• O galego na Idade Media.
• A literatura popular.
• A literatura medieval: cantigas de amigo, amor e escarnio e maldicir.
• Signos de puntuación: guión, comiñas, parénteses.

2º parcial

• Os determinantes: artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos.
• O pronome persoal tónico e átono.
• O galego na Idade Moderna e no século XIX.
• A literatura medieval: xéneros menores, lírica relixiosa e prosa medieval.
• A literatura dos séculos XV a XVIII.

3º parcial

• A literatura de comezos do século XIX: os Precursores.
• O verbo: número, persoa, tempo, modo.
• Formas nominais.
• Uso de h, l, ll, n, ñ, b, v.
• Interferencias lingüísticas.
• Rosalía de Castro.
• Manuel Curros Enríquez.
• Eduardo Pondal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (mínimos esixíbeis).

1º ESO

• Expresar as propias ideas e respectar as alleas.
• Identificar a idea principal dun texto e ser quen de resumilo e de emitir unha valoración persoal.
• Utilizar a lingua galega de forma oral e escrita para elaborar todo tipo de producións adoptando o rexistro axeitado a cada situación comunicativa.
• Coñecer e aplicar as normas ortográficas.
• Empregar diferentes recursos e fontes e aplicalas no seu traballo diario.
• Comprender diferentes modelos textuais.
• Comprender o concepto de familia léxica e facer uso dos campos semánticos explicados na aula.

• Identificar xéneros literarios e recursos estilísticos mínimos.
• Realizar análises morfolóxicas simples.
• Ler con fluidez e corrección.

2º ESO

• Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
• Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso linguístico para resolver problemas de comprensión.
• Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
• Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.
• Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
• Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
• Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.
• Describir e analizar a situación sociolinguística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega na contorna.
• Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
• Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
• Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientábeis: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

3º ESO

• Comprender textos orais e escritos diferenciando as ideas principais das secundarias.
• Realizar exposicións planificadas e claras adoptando o rexistro adecuado a cada tipo de situación comunicativa.
• Escribir textos coherentes, cohesionados, ben presentados e que sigan as convencións ortográficas da lingua galega.
• Coñecer e analizar os elementos morfolóxicos que integran a estrutura da lingua galega, especialmente no substantivo, adxectivo, verbo, pronome persoal e determinantes.
• Coñecer os feitos máis relevantes da historia da lingua galega anterior ó século XX.

• Coñecer as características das principais etapas, obras e autores da literatura galega dende os seus inicios ata o século XX.
• Comprender textos literarios breves anteriores ao século XX e ser capaz de comentar as características temáticas e formais máis relevantes.

**Actividades de avaliación e recuperación**

Realización de diversas actividades relacionadas cos contidos e obxectivos mínimos anteriormente sinalados. Estas actividades serán deseñadas polo Departamento e será o docente que imparta a materia no curso en que estea matriculado o alumnado quen realizará o seu seguimento. En períodos quincenais, até o mes de abril, o profesorado entregará ao alumnado a proposta de actividades para ese período e este deberá entregar as actividades realizadas na data previamente acordada. Se o alumnado non entrega feito o material que se lle fornece, vai directamente ao exame final de pendentes do mes de abril.

O profesorado avaliará as actividades e comentará co alumnado os resultados entregándolle a proposta de actividades para a quincena seguinte, sempre que o alumno/a entregue o material anterior. Estas actividades terán un carácter eminentemente práctico e o alumnado disporá dunha hora de atención, previa cita, de xeito individual para a revisión das tarefas, consulta de dúbidas etc.

**Realización de probas finais en abril e xuño**

No mes de abril o alumnado que non superase a materia seguindo o plan de recuperación realizará unha proba final, de non superar a materia poderá realizar outra proba no mes de xuño. Para superar o exame e aprobar a materia será necesario obter unha nota igual a 5 ou superior.

## 10. PROGRAMA DE REFORZO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado repetidor recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.

O obxectivo e os destinatarios da materia condicionan os principios metodolóxicos que vertebrarán a ensinanza da materia:

- A aprendizaxe de Lingua Galega artéllase dende unha perspectiva funcional, dando prioridade ao aspecto instrumental.

- Os contidos teñen un enfoque procedimental e traballanse partindo da realización de múltiples e variadas actividades.
- A selección de contidos incide naqueles que contribúen a mellora das capacidades comunicativas básicas.

En base a isto damos preferencia aos contidos adicados ás habilidades lingüísticas:

– Comunicación oral. Escoitar e falar. Comprensión e produción de textos orais.
– Comunicación escrita. Ler e escribir. Comprensión de textos escritos. Composición de textos escritos.

## 11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS

Na primeira semana do curso realizarase a cada grupo unha proba escrita de avaliación inicial, usando para 1º da ESO as probas de Avaldía oficiais correspondentes a 6º de Primaria, que permita ao profesorado coñecer con maior precisión o nivel de competencias acadado, os coñecementos reais de cada alumno/a e detectar os posíbeis problemas que poidan existir. Asemade, nos días previos ao inicio do curso o profesorado titor do curso anterior reunirase co profesorado do curso actual para levar a cabo unha sesión de avaliación inicial, ou avaliación 0, fundamentada en: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada polo Departamento de Orientación, etc. Estas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas e, de ser preciso, solicitar a intervención doutros sectores (titor, xefatura de estudos, Departamento de orientación, familia...) e estabelecer unha primeira guía de actuación para corrixir estes.

Esta proba de avaliación inicial inclúe:

- Cuestións sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores.
- Actividades de comprensión e expresión a través dun texto escrito e/ou oral para avaliar a comprensión lectora e a competencia comunicativa.
- Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega en diferentes ámbitos.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á

consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

As unidades didácticas creadas polo profesorado amosan multitude de suxestións prácticas para dar resposta a estilos cognitivos, dominio de coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado considerados individualmente e como grupo. Partindo deste proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso hai que delimitar os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

## 13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Podemos amosar a vinculación coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ao desenvolvemento de actitudes como:

- Valoración positiva da realidade plurilingüe e pluricultural do Estado.
- Sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.
- Respecto polas normas básicas da lingua.
- Valoración da lingua como produto e proceso sociocultural e como vehículo de transmisión e creación cultural.
- Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara aos que supoñen unha discriminación social, sexual, racial, etc.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas e recuperación e integración do patrimonio literario das mulleres.

Tamén a educación para o consumo cobra importancia subliñando actuacións vinculadas a contidos do seguinte tipo:

- Utilización das novas tecnoloxías para a produción, manipulación de textos e tratamento da información.
- Interese polo uso das bibliotecas e respecto polas normas que rexen a súa utilización.

- Desenvolvemento de gustos persoais na elección das lecturas.
- Iniciativa e voluntariedade pola lectura de textos literarios de diferentes épocas e autores.
- Actitude de busca de canles comunicativas creativas e persoais.
- Sensibilidade estética ante as producións literarias propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores destas.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

| CURSO | ACTIVIDADE | PERIODIZACIÓN | LUGAR | CUSTO |
|---|---|---|---|---|
| 3º e 4º ESO | Visita ao Parlamento Galego | 1ª avaliación (finais de novembro de 2022) | Santiago de Compostela | 10,00 € |
| Todos os cursos da ESO | Visita ao Parque Natural do Xurés | 2ª avaliación (finais de marzo de 2023) | Concellos de Bande e Lobios | 10,00 € |
| Todos os cursos da ESO | Visita ao Espazo Natural de Cabo Udra | 3ª avaliación (xuño de 2023) | Concello de Bueu | 10,00 € |

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Os procedementos para avaliar a programación de Lingua e Literatura Galegas deste curso 2022-2023 son de dous tipos:

Unha avaliación de progreso:

• Deberemos ir axustando os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos, temporalización e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características.
• Valorarase tal axuste nas reunións de Departamento e nas avaliacións e, de resultar pouco axeitado, deberase modificar durante o devir do curso.

E unha avaliación final:

- Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnos que, na súa avaliación final, queden coa materia suspensa.
- Os erros detectados recolleranse na memoria final para a elaboración da programación do vindeiro curso.

## 16. PLAN XERAL ANUAL 2022-2023

| PRIMEIRO TRIMESTRE | | |
|---|---|---|
| **Actividade** | **Acción** | **Prazo** |
| Preparación do curso | Despois da adxudicación do CADP, reparto consensuado das materias e cursos do Departamento de Lingua Galega. Reunións con reparto de carga horaria. Distribución dos horarios, das titorías e do material didáctico entre os membros do Departamento. | Do 1 ao 7 de setembro de 2022 |
| Programación didáctica | Elaboración da programación das materias que se vaian impartir durante o presente curso escolar. Este ano o Departamento asume a docencia das áreas de Lingua e Literatura Galegas nos catro niveis da ESO e mais a materia de Xeografía e Historia no curso de 1º de ESO. | Do 1 ao 8 de setembro de 2022 |
| Inicio das aulas | Educación Secundaria Obrigatoria. | 8 de setembro de 2022 |
| Programación didáctica | Elaborar e difundir a información básica relativa a PD á comunidade educativa. | Do 8 ao 20 de setembro de 2022 |
| Programación didáctica | Informar o alumnado dos obxectivos, contidos, criterios de cualificación etc. | Do 8 ao 20 de setembro de 2022 |
| Actividades complementarias e extraescolares | Inicio das xestións necesarias para realizar as actividades complementarias e extraescolares. | Todo o curso 2022-2023 |

| | | |
|---|---|---|
| Xuntanza coas familias | Reunión inicial dos titores e equipo directivo coas familias. Un dos membros do Departamento asume este ano a titoría de 3º ESO A e outro a de 4º ESO B. | 7 de setembro de 2022 |
| Plan de pendentes | Reunión co alumnado de materias pendentes, entrega da circular informativa ás familias e planificación das actividades de recuperación. Estas realizaranse coa supervisión do profesor do curso en que estean matriculados cunha periodicidade quincenal. | Primeira semana de outubro. |
| Primeira preavaliación | Elaboración e entrega de informes de preavaliación aos titores. Cómpre detectar ao alumnado con dificultades, poñer en aviso aos responsábeis e tomar canto antes as medidas pedagóxicas axeitadas. | 25 e 26 de outubro de 2022 |
| Conmemoracións | Festivo local: San Cosme e San Damián. | 26 de setembro de 2022 |
| 1ª avaliación (Pendentes) | Probas para aquel alumnado que non realizou as tarefas quincenais. Avaliación de probas. Entrega de boletíns. | Do 22 ao 25 de novembro de 2022 |
| 1ª avaliación | Avaliación do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. | 20 e 21 de decembro de 2022 |
| 1ª avaliación | Entrega do boletín por Abalar Móbil. | 22 de decembro de 2022 |
| **SEGUNDO TRIMESTRE** | | |
| 2ª preavaliación | Cubrir e entregar os informes de preavaliación aos titores. Asistir á preavaliación. Detectar aqueles alumnos con dificultades, poñer sobre aviso os seus responsábeis e tomar, canto antes, as medidas pedagóxicas axeitadas. | 8 e 9 de febreiro de 2023 |
| 2ª avaliación de pendentes | Semana de probas, avaliación das mesmas e entrega dos boletíns. | 28 de febreiro até 2 de marzo de 2023 |
| 2ª avaliación de pendentes | Entrega do boletín de pendentes. | 3 de marzo de 2023 |
| 2ª avaliación | Escrita de notas no XADE. | Antes do 22 de |

| | | |
|---|---|---|
| | | marzo de 2023 |
| | Elaboración dos informes individualizados para entregar aos titores. | Antes do 22 de marzo de 2023 |
| | Asistencia ás xuntas de avaliación. | 22 e 23 de marzo de 2023 |
| Análise da 2ª avaliación | Análise dos resultados da 2ª avaliación. Propostas de mellora no Departamento. | 24 de marzo de 2023. |
| Viaxe de final de curso de 4º ESO | Destino pendente da decisión do alumnado e das nais/pais. | Do 27 ao 31 de marzo de 2023. |
| **TERCEIRA AVALIACIÓN** | | |
| 3ª avaliación pendentes | Semana de probas, avaliación das mesmas e entrega dos boletíns. | Do 18 ao 21 de abril de 2023. |
| 3ª avaliación pendentes | Proba ordinaria pendentes. Avaliación ordinaria pendentes. Entrega de boletíns. | 9 e 10 de maio de 2023. |
| Avaliación ordinaria de pendentes | Proba ordinaria pendentes. Avaliación ordinaria pendentes. Entrega de boletíns. | 11 de maio de 2023 |
| Conmemoracións | Semana das Letras Galegas. Día das Letras Galegas adicado a Francisco Fernández del Riego. | 17 de maio de 2023 |
| 3ª avaliación | Preparación da 3ª avaliación e final, e introdución das notas no XADE. | Xuño de 2023 |
| 3ª avaliación | Asistir ás sesións de avaliación. | 6 e 7 de xuño de 2023 |
| 3ª avaliación | Envío de boletíns por Abalar Móbil. | 9 de xuño de 2023 |
| Avaliación final extraordinaria | Avaliación das probas extraordinarias e introdución das notas no XADE. Entrega de boletíns. Reclamacións. | 22 ao 28 de xuño de 2023 |
| Informes individualizados. | Elaboración de informes individualizados do alumnado. Informe final. | 22 ao 30 de xuño |

| | | |
|---|---|---|
| Redacción da memoria final do curso. | | de 2023 |

## 17. APROBACIÓN POLO DEPARTAMENTO

Esta programación didáctica centrada nos cursos de 2º e 4º de ESO foi aprobada polo Departamento de Lingua e Literatura Galegas na xuntanza mantida o venres 9 de setembro de 2023 e asinada polos seus integrantes.

Anxo X. Rajó
Profesor de Lingua e Literatura Galegas
Xefe de departamento e titor de 4º ESO B

Emilio Cambeiro
Profesor de Lingua e Literatura Galegas
Titor de 3º ESO A